

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de técnico/a en farmacia (para a quenda de discapacidade intelectual)

Parte específica.

Tema 1. Educación para a saúde: concepto de saúde e enfermidade. Indicadores de saúde. Prevención da enfermidade. Programas de prevención da saúde: conceptos, obxectivos xerais, planificación das etapas do programa. Estratexias e tecnoloxía educativa. Promoción da saúde.

Tema 2. Educación sanitaria. Hixiene: hixiene persoal, hixiene da alimentación, hixiene mental, hixiene sexual. Infección e profilaxe: concepto, mecanismo de defensa ante as infeccións, enfermidade infecciosa, profilaxe e terapéutica.

Tema 3. Lexislación farmacéutica e de relación coa asistencia ao paciente: Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. Lei de ordenación farmacéutica de Galicia. Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais. Lei de autonomía do paciente (Lei 41/2002, do 15 de novembro), Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Tema 4. Organizacións farmacéuticas: Oficinas de farmacia. Farmacia hospitalaria. Almacéns de distribución. Laboratorios farmacéuticos. Colexios oficiais de farmacéuticos.



Tema 5. Medicamentos: Definicións e tipos. Clasificación anatómica, terapéutica e química. Xeneralidades: Mecanismo de acción e efectos. Definicións e tipos. Especialidades farmacéuticas xenéricas (EFX), Especialidades farmacéuticas publicitarias (EFP), estupefacientes e psicotropos, medicamentos en situacións especiais: medicamentos extranxeiros, uso compasivo ou utilizados en condicións non establecidas na súa ficha técnica. Medicamentos de especial control médico. Medicamentos de diagnóstico hospitalario e uso hospitalario. Mostras para investigación clínica. Etiquetaxe, prospecto e ficha técnica. Aplicacións informáticas de bases de datos do medicamento.

Tema 6. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais: conceptos xerais. Normas de correcta elaboración e control da calidade. Abreviaturas utilizadas en formulación maxistral. Formulario nacional. Materias primas. Excipientes de uso máis frecuente en farmacia galénica. Ensaio para o recoñecemento e control de calidade de materias primas. Ensaio e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais. Envases para formas farmacéuticas: tipos, usos e simboloxía. Envasado e etiquetaxe. Identificación, conservación e rexistro de fórmulas maxistrais e preparados oficinais.

Tema 7. Acondicionamento dos medicamentos: conceptos xerais. Material de acondicionamento. Siglas e símbolos do acondicionamento. Control de calidade do material de acondicionamento. Lexislación sobre material de acondicionamento.

Tema 8. Farmacodinamia e farmacocinética: acción farmacolóxica dos medicamentos. Clasificación. Factores que modifican a acción farmacolóxica. Concepto de farmacocinética. Liberación. Absorción. Distribución. Metabolización. Excreción ou eliminación.

Tema 9. Pautas de administración de medicamentos. Dosificación dos fármacos: tipos de doses, relación dose-efecto, factores que interveñen na dosificación. Contraindicacións. Interaccións farmacolóxicas. Reaccións adversas dos medicamentos. Tarxeta amarela. Alertas farmacéuticas. Tipos: seguridade, calidade. Sistema SINASP.

Tema 10. Formas farmacéuticas e vías de administración dos medicamentos: conceptos xerais. Vías de administración de medicamentos: oral, tópica, parenteral, respiratoria, rectal, vaxinal, uretral, oftálmica e ótica. Formas farmacéuticas segundo a vía de administración.

Tema 11. Farmacia hospitalaria: servizo de farmacia hospitalaria. Áreas ou zonas que a integran. Sistemas de distribución intrahospitalaria de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos: reposicións de caixas de primeiros auxilios, sistemas de dispensación de medicamentos en doses unitarias (SDMDU), sistemas de dispensación automatizada. Ordes hospitalarias de dispensación. Dispensación de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos a pacientes ambulatorios: normativa legal. Aplicacións informáticas de distribución e dispensación dos produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos. Asistencia ao farmacéutico na xestión de medicamentos en ensaio clínico: normativa legal. Asistencia ao farmacéutico na atención ao paciente ambulatorio, ao paciente de hospitais de día.

Tema 12. Sistemas de almacenaxe e condicións de conservación de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos segundo as súas características. Códigos farmacéuticos identificativos dos produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos. Ordenación dos produtos. Xestión de existencias. Control de caducidades. Procedemento de devolución de produtos caducados consonte a normativa. Retirada de produtos por



alerta sanitaria. Eliminación dos produtos segundo o sistema integral establecido. Aplicacións informáticas de xestión e control de almacén.

Tema 13. Laboratorio farmacéutico: conceptos xerais. Material de uso frecuente. Equipamentos de laboratorio. Posta a punto e mantemento dos equipamentos e dos materiais. Procedementos de limpeza, desinfección, conservación e esterilización do material e equipamentos. Control de calidade de material e equipamentos.

Tema 14. Operacións farmacéuticas básicas: conceptos xerais. Pesada con balanzas electrónicas de precisión. División de sólidos. Peneiramento. Homoxeneización de compoñentes. Extracción mediante disolventes. Destilación. Evaporación. Pulverización. Peneiramento. Mestura. Deseccación. Liofilización. Filtración. Granulación. Esterilización. Sistemas dispersos homoxéneos: disolucións. Sistemas dispersos heteroxéneos: emulsións, suspensións e aerosois.

Tema 15. Análises clínicas. Mostras biolóxicas: tipos, obtención, conservación e manipulación. Preparación e conservación das mostras. Material de laboratorio de análise. Equipamentos e instrumentos básicos. Reactivos de uso máis frecuente. Métodos analíticos básicos. Eliminación de residuos segundo a normativa ambiental.

Tema 16. Conceptos físico-químicos básicos e aplicación no laboratorio de farmacia. Magnitudes e unidades de medidas: masa, tempo, temperatura, volume, presión, densidade, viscosidade e pH.

Tema 17. Instrumentos de medidas ópticas: concepto de espectrofotometría. Fotómetro e espectrofotómetro. Microscopio óptico: fundamento, características e manexo.

Tema 18. Produtos parafarmacéuticos: Produtos sanitarios e biocidas de uso humano. Dermofarmacia. Preparados dietéticos. Clasificación, aplicacións e características dos produtos parafarmacéuticos. Regulación comunitaria dos produtos sanitarios. Material de acondicionamento dos produtos sanitarios. Aplicacións informáticas de bases de datos de parafarmacia.

Tema 19. Seguridade e prevención de riscos no laboratorio de farmacia. Riscos biolóxicos. Riscos químicos. Riscos físicos.

Tema 20. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 21 de agosto de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario de formación profesional. (Diario Oficial de Galicia núm. 170 de 4 de setembro).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 17 de xuño de 2015, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario (Diario Oficial de Galicia núm. 121 de 30 de xuño), agás o tema 20 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 21 de agosto de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas



categorías de persoal sanitario de formación profesional (Diario Oficial de Galicia núm. 170 de 4 de setembro).